

MANEXOS DUN MANUSCRITO

I

As delicadas páxinas sucedíanse coma as follas dunha árbore no outono, marelentas, débiles e crepitantes... Unha que outra fendedura atravesábaas de extremo a extremo ameazando con rompelas e con separar algunha daquelas traballadísimas letras, con picos e distintos grosos que máis ben parecían formar cenefas decorativas antes que liñas de frases con significado. Debaixo, as magníficas miniaturas; cada fino trazo semellaba feito polo bico do paxaro co canto máis fino, cada cabeza, lixeiramente inclinada, amosaba un sorriso carente de significado nunha cara con boca que ri e ollos que permanecen impasibles, coma ollando cara ningures... E os tirabuzóns louros que caían sobre a fronte branca..., pintados con finísimos fíos de ouro, semellaban as columnas que dicían que un antigo rei, magnífico el, fixera construír no seu pazo, agora perdido con elas dentro, todas retorcidas e douradas... Mesmo as vestimentas estampadas con moi pequenas flores de cores as da dama, e con tonos semellante ás dunha armadura as do cabaleiro, ó que non faltaba sequera o casco mentres agardaba cun maxestuoso corcel branco a que a princesa, que seguramente soñara con el toda a vida mentres bordaba nun xardín verde e florido, lle dese a súa bendición e así el, valente e glorioso, puidese marchar á guerra con esa lembranza, a dunha preciosa muller que cun pano impoluto lle dicía adeus, tal vez para sempre.

Todo pechado nun fino marco debuxado no pergameo semellando a aqueles de ouro que acostumaban facer os mestres orfebres quedando encadrados entre o coidado do manuscrito que algún monxe copiara

quedando ata altas horas da noite, á luz dunha vela ante a mesa dunha abadía nun monte, no alto dalgunha aldea lonxana do centro de Europa. O monxe sentíase atraído polo emocionante relato cabaleiresco, nesa lingua do Imperio Glorioso que el tan ben coñecía, sen que o autor anónimo perdesse detalle do que tiña que suceder nunha historia así.

O cabaleiro, a morte, o amor, os cisnes, a paixón, pero, como non! Deus e un castigo xusto parta ós que mataban aínda que fose por unha razón lóxica... Iso non lle gustaba ó monxe, desexaría poder cambia-la historia, por iso corrixiu, tachou, pero finalmente pensouno mellor e decidiu deixalo estar, pois, ó fin e ó cabo, el non era quen de escribir o que outro xa fixera.

As duras tapas de madeira presentaban unha especie de traballo de torneiro en cada esquina e no centro, con flores rematadas con pequenas salpicaduras estratéxicas de tinta de cores que lles daban maior realismo parecendo así que as delicadas rosas ou os pequenos xasmíns saían dos seus encadres para situarse nos cabelos da lectora ou na solapa do lector.

O lombo, xa case roto polos anos, presentaba síntomas claros de chafallada ó tratar de arranxa-lo desgaste algún antepasado que o deixou, solitario, na Biblioteca Antiga que contaba con xoias que case alcanzaban a este do século XIII que saía á luz cando os anos xa pasaron para tantas cousas que os viran correr, non coma este que quedou paralizado no tempo, aletargado ata que alguén o espertou.

II

A taza de café azucarado fumegaba sobre da mesa de Beatriz que aínda abraiada, admiraba a reliquia que caera nas súas mans aquela mañá. A xove paleógrafa sentíase no interior do libro, daquel lonxano fragmento de tempo que parecía ficar quedo dentro de cada trazo dos que formaban aquel pequeno pracer. Levaba todo o día así, ollándoo, sen analízalo, nin sequera lelo, simplemente viaxando a un mundo distante e estraño, completamente diferente.

Ollando aquel manuscrito lembraba un amor, un amor adolescente que, xa case esquivado voltaba agora ante aquela testemuña de tantos outros.

O reloxo da parede deu as oito, e foi entón cando Beatriz levantou os seus ollos claros das gastadas páxinas e, como saíndo dunha burbulla que a illaba, colleu o libro e meteuno na caixa forte, apagou as luces, saíu da habitación e marchou para a súa casa.

Todo quedou en silencio ah dentro, só o resplandor da pantalla do ordenador facía que a pequena estancia con olor a rancio pareceuse tan condenadamente actual coma todo en todas partes.

III

Acendeuse a grosa vela, baixa xa, con bágoas de cera que se petrificasen antes de chegar á mar na esquina daquela apolillada mesa de noceira. A pequena habitación, naquel momento de cor ocre, tiña as pedregosas paredes cubertas de libros, e no centro, sentado á mesa de noceira, o monxe seguía a escribir coidadosamente aquel texto que tanto o apaixonaba. E o monxe desexaba cambia-la historia, pero non o fixo, non tiña dereito.

E o monxe, novo aínda, anhelaba ser coma aquel valeroso cabaleiro e ir á guerra, e sobre todo, namorarse dalgunha doncela fermosa que lle dese o seu amor. Pero el sabía que aquilo era imposible, era o seu Destino, tal vez trasmañado polas pretensións do seu pai, pero a fin de contas, o Destino.

E ó monxe viñalle á cabeza a imaxe dunha moza que xamais vira antes, pero non sabía por que a imaxinaba tan... estraña. Ou, tal vez, xa a coñecía... E por iso se trabucou, e tivo que tachar...

Mais, chegado a aquel punto non lle viña mal unha ilustración, así que o monxe, excelente miniaturista, representouse a si mesmo con armadura de cabaleiro ante aquela preciosa dama, pretendidamente diferente á que non se lle ía da mente, estaba no seu maxin espida, bailando por entre as árbores e chamándoo ata que se achegaba a ela e bicábao nos beizos...

Rematou a miniatura, pechou o libro, colleu o feixe e flaxelouse ata que as súas bágoas se confundiron coas da vela, que xa se extinguira había tempo.

IV

E a princesa chorosa ofrecía o seu branco patio ó cabaleiro, quen xuraba fidelidade e amor por sempre xamais. O corcel branco ollábaos sen velos coma tódolos cabalos fan, con eses ollos impasibles, entre tristes e maliciosos, pero que de todas maneiras non significaban nada.

O soldado gardaba o pano depositando un doce bico no seu interior e a moza novísima, non podía soportar ese vacío no peito que se ten cando se chora moito, e os seus ollos parecían entón dúas esmeraldas debaixo dun mar moi fondo, e a súa boca, unha ferida sanguenta e ancha pola que escapaban os sentimentos e as ilusións.

O valente cabaleiro marchaba triste sobre o seu cabalo branco que lle daba ese aire maxestuoso e dourado. Cabalgaba cara a ningures, e a medida que se alonxaba ía deixando un rego de alma que se sementaba na terra húmida pola auga da choiva, que tal vez non era tal, senón as bágoas da delicada doncela que agora se dirixía á súa alcoba para pregar polo seu amado, aquel que tanto soñara todas aquelas tardes, mentres no xardín, xa coas follas marelentas e quebradizas no chan, trataba de estar soa, fuxir daquel amor lonxano que aínda lle rompía o corazón, pero que pouco despois sería seu, seu para sempre.

O cabaleiro loitou, e os pesados ferros xa non facían mella no corpo do mozo.

Cada acto heroico que o rapaz levaba a cabo non levaba máis que unha adicatoria que, como non, estaba dirixida sempre á mesma persoa. Pero un día a súa habilidade non funcionou, e unha daga, máis rápida que a súa, atravesoulle o corazón mentres el encomendaba a súa alma a aquel Deus polo que loitara e morrera.

E a moza, un tempo despois, recibía a nova con melancolía, e entristecía cada día máis de modo que ninguén logrou salvara xa.

Un día de outono, fóra de si e entolecida, asomouse a moza a unha alta fiestra da tone dende onde se botou ó vacío.

O mítico rostro cuberto por lisos fíos de acibeche sorría agora sobre as follas marelentas e quebradizas no chan, que semellaban pequenos papeis sobre os que o cabaleiro escribía con sangue o destino das súas vidas.

V

—¡Abade, abade! Veña, algo aconteceu.

—¿Que foi?

—E con respecto ó irmán Xerardo. Acompáñeme. Eu non sei o que é, pero créame, é todo moi estraño. Onte estivo traballando ata tarde e logo, ben... eu oín como se flaxelaba... pero iso faino moitas veces.

—Tranquilícese e abra a porta, ¿está moi enfermo entón o irmán Xerardo?

—?

...

—¡Loado sexa Deus! ¿Que é isto? Irmán, érgase do chan agora mesmo.

—Non responde. Eu penso que está.

—Cale irmán, non me poña máis nervioso. Non folguexa... Vaia por un espello e póñallo sobre a cara para asegurármonos.

—Nada abade. ¡Está morto...! ¿Que facemos? De seguro que estaba endiabado. Ffxese. Ten un pano branco na man... ¡jede que tecido tan

estraño! Está feito... parece que dá noxo tocalo... Non é de liño, nin sequera de fío...

—Di que eu mando que queimen o corpo e tódalas súas pertenzas, incluídos os libros cos que traballaba... Os libros tamén... Si... Si... Os libros tamén.

VI

No día de onte faleceu en estrañas circunstancias a paleógrafa Beatriz Blanco ó caer polo burato do ascensor do edificio no que vivía. A policía rexistrou o apartamento, pois non se descarta a posibilidade dun intento de asasinato xa que sobre o corpo da muller acháronse pelos brancos que, tras ser analizados no laboratorio, confirmouse que pertencen a un cabalo de raza árabe.

A falecida traballaba nestes momentos cunha reliquia histórica que se daba por perdida no incendio dunha vella abadía do século XIII da que aínda se conservan as ruínas.

O manuscrito non se atopaba na vivenda cando foi rexistrada e nestes momentos efectivos policiais están a investigar sobre o paradeiro da xoia paleográfica que, segundo se cre, debería atoparse na casa da moza dado que é alí onde ela analizaba os seus traballos por contar cos instrumentos precisos.

Veciños do edificio confirmaron non ter oído ningunha clase de ruído estraño pois a vítima non saíra da casa en todo o día e todos eles afirmaran tamén non ter ningunha clase de sospeita sobre as causas desta morte... bla, bla, bla...

INMA LÓPEZ SILVA

Primeiro Premio de Relato Custo do I.B. Francisco Aguiar de Betanzos

1994